

CALENDARIO FIN DE CURSO

Entrega de notas, 5 de xuño

Matrícula proba de acceso a 1º profesional, do 1 ao 10 de xuño. Poñerse en contacto telefónico co centro, 986572492, para facilitar o formulario e as indicacións para facela telemáticamente.

Exames proba de acceso:

Presencial: 23 de xuño a partir das 17:00h

Telemático: 23 de xuño ata as 20.00h

Matrícula curso 2020/2021, do 1 ao 24 de xullo.

Probas de aptitude a 1º curso elemental, mes de setembro

Acceso a 2 e posteriores de elemental e profesional; mes de setembro.

DESENVOLVEMENTO DA PROBA DE ACCESO A 1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL.

A proba de acceso ao primeiro curso do grao profesional no CMUS Profesional da Estrada, desenvolveranse a través da modalidade non presencial, agás nos casos das especialidades de percusión e piano.

O piano e os instrumentos de percusión necesarios, serán os mesmos para todos os aspirantes, tomando as medidas de hixiene necesarias para garantir a seguridade sanitaria.

Nas demais especialidades desenvolverase de maneira non presencial, agás naquelas que o número de aspirantes sexa superior as prazas ofertadas.

Non Presencial:

Os/as aspirantes deberán enviar ao centro educativo **dúas gravacións de vídeo** en formato mp4, unha para que sexa avaliada a primeira parte da proba e outra para que sexa avaliada a segunda parte.

Estas enviaranse a través do correo electrónico do centro "conservatorioprofesional@aestrada.gal" ben como arquivo adxunto ou, en caso de arquivos grandes, enviando o enlace a través da aplicación "wetransfer".

As gravacións poderán ser entregadas ata as 20.00h do día 23 de xuño.

Para a primeira parte da proba os/as aspirantes achegarán unha única toma de cada movemento de cada obra. Poderán realizar unha toma distinta para cada movemento de cada obra, pero sempre realizando unha interpretación continua de cada movemento.

Xunto co envío das gravacións, achegarse unha relación coa indicación dos movementos e compositores das obras interpretadas para a primeira parte da proba.

O exercicio correspondente á segunda parte da proba, que **consistirá exclusivamente nun exercicio conxunto de lectura rítmica e entoación** será elaborado e facilitado polo Conservatorio da Estrada e será o mesmo, tanto para os aspirantes que deban realizar a proba de xeito non presencial como para os que concorran presencialmente. Este exercicio farase público na web do centro educativo o 22 de xuño ás 14.00h

Nas gravacións enviadas non se poderá contar con ningún de tipo de acompañamento.

Presencial (para as especialidades de piano e percusión)

Os/as aspirantes realizarán as dúas partes da proba de maneira individual e consecutiva.

Serán convocados todos o día 23 a partir das 17.00h. O centro irá comunicando o horario a cada aspirante, habilitando tantas aulas como especialidades, realizando un chamamento único por orde alfabético.

O exercicio da segunda parte da proba será o mesmo que os que realicen a proba telemática.